

Heráclito, *Fragments*

Fr. 20:

Este mundo, o mesmo para todos, non o fixo ningún dos deuses nin dos homes, senón que foi eternamente e é e será lume eternamente vivo, que se prende segundo medidas e se apaga segundo medidas.

Fr. 22:

Cambia do lume todo e todo do lume, como o ouro das mercadorías e das mercadorías o ouro.

Fr. 23:

O sol é novo cada día

Parménides, *Poema*

Queda un só dicir do camiño: que é; sobre ese camiño hai múltiples sinais: que, sendo non nacido, é tamén non perecedoiro, pois os seus membros están intactos, e sen temblor e sen final; nunca era nin será, posto que é agora todo á vez, un continuo; pois ¿que nacemento del buscarás?, ¿como e de onde medrou?; non che permitirei dicir nin pensar que do non-ser; pois nin se pode dicir nin pensar que non é. E ¿que necesidade o tería empurrado, antes ou despois, partindo da nada, a ser?

Aristóteles, *Acerca do ceo*

Consideramos que o primeiro corpo é un distinto da terra, o lume, o aire e a auga, e chamáronlle éter ao máis excelso, denominándoo así a partir do feito de que se despraza por tempo interminable.

[...]

É necesario que o ceo teña forma esférica: pois esta figura é a máis axeitada á entidade celeste e a primeira por natureza.

Digamos en xeral, acerca das figuras, cal é a primeira, tanto nas superficies coma nos sólidos. Pois ben, toda figura plana é rectilínea ou curvilínea. A rectilínea está delimitada por varias liñas, a curvilínea, en cambio, por unha soa. E posto que en cada xénero é anterior por natureza o un ao múltiple e o simple ao composto, a primeira das figuras planas será o círculo.

[...]

De igual maneira tamén a esfera é o primeiro dos sólidos: pois só ela está delimitada por unha única superficie, mentres que os poliedros o están por varias; en efecto, o que é o círculo entre as figuras planas éo a esfera entre os sólidos.

[...] A partir disto, pois, resulta evidente que o mundo é esférico e torneado cunha precisión tal que non ten comparación con ningunha cousa saída da man do home nin con nada do que aparece ante os nosos ollos. Pois ningunha das cousas das que está composto é capaz de admitir unha regularidade e exactitude tal como a natureza do corpo esférico: pois é evidente que a

mesma proporción de regularidade que se da entre a auga e a terra, se da entre os demais elementos constitutivos do mundo, tanto máis canto máis lonxe están do centro.

Galileo, *Sidereus Nuncius*

É moi fermoso e moi agradable ver o corpo lunar, a case sesenta semidiámetros terrestres de distancia de nós, tan preto coma se estivese só separado por dúas desas medidas, de xeito que o diámetro da propia Lúa semella case trinta veces maior, a superficie sen a menor dúbida novecentas e, polo tanto, o corpo sólido unhas vinte e sete mil veces maior que cando se mira só a simple vista. Entón, calquera é capaz de comprender con razoable certeza que a Lúa non está cuberta por unha superficie lisa e pulida, senón áspera e irregular; e que como a propia superficie da Terra está chea de grandes saíntes, lagoas profundas e fendas.

Hume, *Tratado da Natureza Humana*

A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que as cualidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un algo descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción no se produza, polo menos suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade. O efecto disto é que calquera nova propiedade simple que atopemos que teña a mesma conexión co resto, inmediatamente a metemos entre elas, aínda que non estea na primeira concepción da substancia. Así, a nosa primeira idea do ouro pode ser que é de cor amarela, o peso, a maleabilidade e a fusibilidade, pero cando descubrimos a súa solubilidade en aqua regia, unímola ás outras cualidades e supoñemos que pertence ó concepto de substancia como se a súa idea formase parte dela dende o principio. O principio de unión, sendo considerado como a parte principal da idea complexa, dá entrada a calquera cualidade que se manifeste posteriormente, e é igualmente comprendido por el como as outras que se manifestaron en primeiro lugar.

Nietzsche, *Crepúsculo dos ídolos*

En todos os tempos os sapientísimos xulgaron a vida do mesmo xeito: non vale nada... Sempre e en todas partes se oiu da súa boca o mesmo tono, -un tono cheo de dúbida, cheo de melancolía, cheo de cansancio da vida, cheo de oposición á vida. [...] Sócrates e Platón son síntomas de decaemento, instrumentos da disolución grega. [...] Intento averiguar de qué idiosincrasia procede aquela ecuación socrática razón = virtude = felicidade: a ecuación máis extravagante que existe e que ten na súa contra, en especial, todos os instintos do heleno antigo.